

BASES VII CERTAME DE PINTURA AO AIRE LIBRE ANTONIO FERNÁNDEZ DO CONCELLO DE TOMIÑO

DATA DA CELEBRACIÓN: 18 Agosto de 2019.

LUGAR: Parroquia de Goián en Tomiño e Vila nova de Cerveira (Portugal).

1. Poderán participar todas as persoas maiores de idade.
2. O tema será calquera paisaxe do percorrido establecido no plano que se entregará no momento do selado de soportes. O procedemento e a técnica serán libres.
3. A obra deberá realizarse ao aire libre, do natural (non se permite a utilización de fotografías) e *in situ*. O incumprimento por parte dos participantes desta norma suporá a descualificación automática do concurso.
4. A inscrición será gratuita e farase desde o día de publicación destas bases ata o 16 de agosto (incluído) a través do link (<https://eurociudadecerveiratomiño.eu/formulario-vii-certame-de-pintura-ao-aire-libre-antonio-fernandez/>), e o día 18 de agosto de forma presencial de 09:30 a 11:30 (horas galega) na Aula-museo Antonio Fernández (Praza Pintor Antonio Fernández s/n. Goián).
5. As persoas inscritas deberán presentarse o día do certame entre as 9:30 e 11:30 (hora galega) na Aula Museo Antonio Fernández na praza Pintor Antonio Fernández de Goián – Tomiño co obxecto de que a organización sele e numere o soporte.
6. Cada participante deberá ir provisto de todo o material que poida necesitar para desenvolver a súa obra, incluído o cabalete ou soporte.

O soporte deberá ser ríxido (lenzo, tableiro, etc.) e de 1 cm. de ancho como mínimo. Se presentará en branco sen textura e sen ningún tipo de marco, (mínimo de 50 x 50 cm -2.500 cm²- , e máximo de 100 x 100 cm. -10.000 cm²-) Deberase pintar *in situ* e do natural.

7. As obras terminadas serán presentadas, sen asinar e xunto co cabalete, para súa exposición no Espazo Fortaleza no río (Goián), entre as 17:00 e 18:00 (hora galega) do



mesmo día do certame co obxecto de que o xurado inicie a calificación das obras. Só se admitirá unha única obra por artista.

As obras premiadas serán asinadas despois da entrega de premios.

8. O xurado, composto por personalidades vinculadas co mundo das artes e por membros das entidades patrocinadoras dos premios, reunirse a partir das 18:00 (hora galega) do mesmo día do certame e emitirá o fallo ás 18:30 (hora galega).

9. Os premios establecidos serán os seguintes:

1º Premio: 1.500 euros.

2º Premio: 500 euros.

3ª Premio: 500 euros.

O 1º, será con cargo ao orzamento do Concello de Tomiño, o 2º Premio correrá a cargo da Comunidade de Montes de Goián, e o 3º, a cargo da Fundación Bienal de Arte de Cerveira.

Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre ditas cantidades as retencións legalmente establecidas.

Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora, ou dun certificado no seu nome.

Se o xurado o estimara oportuno algún dos premios podería quedar deserto.

10. Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores dos premios que se reservan o dereito de edición e reprodución das mesmas.

11. Os autores poderán recoller a obra o mesmo día do certame entre as 18:30 e as 19:30 (hora galega), sendo requisito necesario presentar a copia da ficha de inscrición.

12. As persoas participantes que o decidan poderán deixar en exposición a súa obra durante dúas semanas coa fin de atopar un posible comprador/a. Durante a 1ª semana, estas obras, estarán na sala de exposicións do Centro Goianés (Goián) e a 2ª semana na sede da Fundación Bienal de Arte de Cerveira. Os/as artistas deberán

facilitar os seus datos de contacto e o prezo da obra, a dita información será exposta ao público. O concello e a Fundação Bienal de Arte de Cerveira en ningún caso farán de intermediarios nunha posible venda e serán as persoas interesadas as que contacten directamente cos artistas. O concello e a Fundação Bienal de Arte de Cerveira tamén quedan exentos de toda responsabilidade en canto á custodia e/ou seguro por roubo ou desperfectos de calquera das obras expostas.

13. O concello de Tomiño e a Fundação Bienal de Arte de Cerveira, que en todo caso velarán pola boa conservación das obras, non se fan responsables de calquera continxencia que poidan sufrir tanto as obras como os materiais dos participantes durante o desenvolvemento do certame.
14. A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

